

# A ORACIÓN EN GALEGO MEDIEVAL (AOGM): O BANCO DE DATOS SINTÁCTICOS MEDIEVAIS DO ILG\*

ALEXANDRE RODRÍGUEZ GUERRA  
Universidade de Vigo

## RESUMO

Esta contribución presenta por primeira vez un proxecto que xira ó redor do estudo da estrutura da cláusula en galego medieval: AOGM. Aproximámonos ó camiño que AOGM percorreu ó longo dunha década e facémolo a través dunha perspectiva descritiva moi xeral, orientada cara a tres vértices: os dous primeiros asócianse, basicamente, a cada un dos dous programas informáticos que xestionaron a base de datos sintáctica; o terceiro é unha recompilación e avaliación dos resultados alcanzados.

## ABSTRACT

“Prayer in medieval Galician” (AOGM): The medieval syntactic database of ILG.

For the first time, this contribution presents a project centered around the study of the clause structure in medieval Galician:

---

\* O presente artigo (versión moi modificada e ampliada da nosa intervención no *Seminario de la Lengua Española: presente y futuro*, que organizou o Departamento de Lengua Española da Universidade de Santiago de Compostela baixo a dirección de Emilio Montero Cartelle) insírese no proxecto de investigación interuniversitario *Diseño e implementación dun servidor de recursos integrados para o desenvolvemento de tecnoloxías da lingua galega (RILG)*, financiado polo MEC (código HUM2006-11125-C02-01). Pertence, en concreto, á parte do TMILG (Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega), que dirixe no Instituto da Lingua Galega Xavier Varela Barreiro. Ós xa mencionados, X. Varela e E. Montero, e mais a Ramón Mariño e Carme Pazos, os meus agradecementos.

AOGM. By means of a very general descriptive perspective we approach the line that AOGM went throughout a decade, which is directed towards three main points: the first two ones are basically associated to both computer programs in charge of manage the syntactic database; the third one is a summary and evaluation of the achieved results.

### **PALABRAS CHAVE**

Galego medieval - Sintaxe histórica - Proxecto AOGM

### **KEY WORDS**

medieval Galician, historical syntax, AOGM project.

## *1. Limiar*

Nas páxinas que seguen tentaremos deseñar a grandes trazos a historia interna que, dende as orixes, conduciu á creación da base de datos sintáctica denominada AOGM. A presente achega, a pesar de proceder dun froito xa maduro con algúns lustros de existencia, ten aínda sabor inaugural pois é a primeira vez que reflexionamos publicamente sobre dela. Adaptamos, xa que logo, unha perspectiva xenérica e esencialmente descritiva que permita enxergar os alicerces esenciais sobre os que se foi construíndo e asentando AOGM. En primeiro lugar, AOGM non se podería entender á marxe dos tres grandes proxectos de investigación que, de maneira consecutiva, se estenderon ó longo da década que vai de 1993 a 2002<sup>1</sup>:

1993-1996: *Gramática histórica da lingua galega.*

1997-1999: *A oración en galego medieval.*

2000-2002: *AOGM: os verbos de movemento.*

Foron tres proxectos independentes pero que sempre pivotaron ó redor dunhas coordenadas centrais, esencialmente

---

<sup>1</sup> Todos tres obtiveron o patrocinio institucional da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia a través de convocatorias públicas.

humanas, que non mudaron: o director (Xavier Varela Barreiro), o centro de investigación (o Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela) e os tres coordinadores (Ramón Mariño para fonética e fonoloxía, Xavier Varela para a morfoloxía e Alexandre Rodríguez para a sintaxe). AOGM nace, como tal, no ano 1997 pero para entendela cómpre situar as súas raíces nas reunións e traballos que no seo do proxecto de investigación *Gramática histórica da lingua galega* se desenvolveron no ILG dende o ano 1993 ata 1996.

Este último proxecto xirou, inicialmente, ó redor de tres eixes: fonética e fonoloxía, morfoloxía e sintaxe. Vai ser esta terceira póla a que, co tempo, constituirá o albo específico de AOGM. Á marxe do anterior, non se pode esquecer que a importancia dun proxecto como a *Gramática histórica da lingua galega* xustifica non só os traballos particulares nalgúns dos eidos devanditos, senón tamén outros proxectos paralelos, algúns dos cales son dunha enorme envergadura. Así, foi a elaboración da *Gramática histórica da lingua galega* a que “motivou a posta en marcha da construción dun corpus do galego medieval”, mais tamén “durante bastantes anos quedou relegada a un segundo plano e os esforzos centráronse sobre todo nos traballos do TMILG” (ILG 2007: 24)<sup>2</sup>.

## 2. Antecedentes

Sen ningunha dúbida, o principal motivo polo que se puxo en marcha AOGM foi a constatación do atraso que sufrían os estudos de sintaxe histórica galega a mediados da última década do s. XX. Este feito non nos ten que sorprenden, pois Emilio

---

<sup>2</sup> Varela Barreiro (2004) proporciona unha revisión dos estudos de gramática histórica galega en xeral e do proxecto *Gramática histórica da lingua galega* en particular. Ademais, na páxina en rede do TMILG pódese atopar toda a información verbo do proxecto *Tesouro medieval galego-portugués* así como de todas as súas pólas; das cinco que o conforman, “a liña máis avanzada e de maior proxección externa” na parte galega é, precisamente, a do TMILG (cfr. <http://ilg.usc.es/tmilg>).

Ridruejo (1994: 587) refírese en idénticos termos á situación da sintaxe histórica do castelán. Para avaliarmos obxectivamente o devandito atraso, tomaremos como referente dúas obras de bibliografía lingüística galega publicadas nese período. A complementariedade de ambas as dúas (F. García Gondar 1995 - BILEGA a partir de agora- e X. L. Regueira 1996 -GBLG no que segue-), pois parten de presupostos metodolóxicos distintos (exhaustiva a primeira, selectiva a segunda), garante aínda máis a exactitude dos datos bibliográficos.

En BILEGA a sección dedicada á “Morfoloxía e sintaxe” posúe 266 referencias (5,2% do total); especificamente a “Sintaxe” presenta só 33 entradas (12,4%) -sorprende a cantidade de ítems que quedan en branco, sen ningunha referencia bibliográfica (pénsese que estamos a falar de 72 subepígrafes)-. Desas 33 entradas hai 13 (39,4%) que estudan a situación lingüística de etapas pretéritas (esencialmente a medieval). A “Lingüística histórica” merece unha atención específica e está conformada por 739 títulos (14,5% do total). A “Historia interna” dispón dun subparágrafo propio que supón, con 160 referencias, o 77,7% do total de “Lingüística histórica”. A parte da historia interna dedicada ós “Cambios sintácticos” conta só con 3 referencias.

En GBLG a epígrafe dedicada á “Morfoloxía e sintaxe” posúe 202 entradas e supón un 8,5% do total de referencias bibliográficas do libro. No seu interior realízanse cinco subdivisións e a quinta, “Sintaxe”, presenta 36 entradas, isto é, un 17,8% do total de traballos dedicados á morfosintaxe. Desas 36 publicacións, son 14 (38,9%) as que se sitúan no ámbito histórico<sup>3</sup>.

A táboa seguinte recompila a situación que acabamos de describir:

---

<sup>3</sup> Francisco Antonio Cidrás Escáneo (2002) xa chamaba a atención sobre este feito: “na selectiva *Guía bibliográfica de lingüística galega* (que recolle a produción ata o remate de 1995) unicamente se inclúen 202 entradas de morfosintaxe (de características moi desiguais) dun total de case 2400 fichas recollidas”.

	Referencias totais	Fonética e fonoloxía	Morfoloxía	Sintaxe	Sintaxe histórica
BILEGA	5109	4,8% (244)	5,8% (294)	0,7% (36)	0,3% (16)
GBLG	2365	4,7% (112)	7% (166)	1,5% (36)	0,6% (14)

*Táboa 1<sup>4</sup>*

Os datos son o suficientemente significativos: do total de referencias bibliográficas escolmadas, a sintaxe histórica representaba -con 16 e 14 entradas, respectivamente- uns exiguos 0,3 e 0,6%. Á vista da situación precedente, a mediados da década dos noventa do século pasado semellaba máis que xustificade e necesario centrarse no traballo en sintaxe histórica galega debido, sobre todo, (i) á pouca presenza que supoñía dentro dos estudos de lingüística histórica, e (ii) á acusada desproporción, en xeral, do eido sintáctico fronte ó fonético/fonolóxico e ó morfolóxico. A situación a comezos da devandita década, sendo infinitamente mellor do que en décadas ou centurias pasadas, amosaba claramente unhas lagoas que cumpría encher. Non esquecemos que algúns anos despois, Ramón Mariño (2002) aínda sinalaba que “especialmente queda moito por facer nos campos da sintaxe histórica e do estudio histórico do léxico galego”.

Dende a óptica portuguesa non tiñamos modelos directos nos cales beber, pero si tentamos imitar, por exemplo, o magnífico labor desenvolvido pola investigadora brasileira Rosa Virgínia Mattos e Silva. Esta investigadora non só se achegou á sintaxe histórica do portugués a través dalgunhas das páxinas de estudos específicos (Silva 1989), senón que, a finais de 1990, fundou o grupo de investigación PROHPOR ‘Programa para a historia da lingua portuguesa’ (<http://www.prohpor.ufba.br/>).

Polo que se refire ás obras xerais, as gramáticas históricas galegas (ou portuguesas) adoitaron centrarse exclusivamente nos eidos fonético/fonolóxico e morfolóxico (por moito que se

---

<sup>4</sup> Con BILEGA sumamos as referencias das epígrafes que se inclúen en “3 Morfoloxía e sintaxe” e mais en “6 Lingüística histórica”. En GBLG só contamos coas referencias explícitas (exclúense as cruzadas).

botase man da denominación ‘morfosintaxe’). A sintaxe, tanto frástica coma oracional, ocupa, no mellor dos casos, só unhas poucas citacións, espalladas por distintos capítulos e que só en contadas ocasións constitúen un fin en si mesmas. Adoitan xirar, ademais, ó redor dun tema recorrente: a orde de palabras (sobre todo dos clíticos).

É certo que para achegarse á sintaxe histórica galega con garantías non abondaba unicamente coa constatación das lagoas. Precisábase a conxunción de distintos factores: o primeiro, contar cun grupo de lingüistas con ganas de traballar en gramática e, especialmente, en sintaxe histórica; o segundo, dispoñer dun modelo teórico e dunha metodoloxía de análise e interpretación sintáctica o suficientemente sólidos como para poder acceder, coa plena comprensión dos feitos sintácticos, á estrutura da cláusula galega medieval; o terceiro, alén da cobertura institucional, posuír un espazo físico propio e adecuado ás necesidades investigadoras dun proxecto destas características<sup>5</sup>; e o cuarto, non por último menos importante, a presenza dunha persoa que organizase e soubese aglutinar esforzos e encarreirar o conxunto (este papel correspondeulle a Xavier Varela, que sinalou e abriu o viero, evitou traballos baldíos e formou discípulos)<sup>6</sup>. Nesta encrucillada, houbo unha coincidencia de sinerxías: o grupo humano, o marco teórico e a metodoloxía de traballo en sintaxe histórica.

Verbo do primeiro, conseguíuse reunir un conxunto de investigadores voluntariosos e con coincidencia nas liñas de investigación. O grupo inicial estaba integrado por Xavier Varela Barreiro (director), Amparo Cereixo Silva, M<sup>a</sup> Sol López Martínez, Eduardo Moscoso Mato, Carme Silva Domínguez e Alexandre Rodríguez Guerra. Así, concentrados esencialmente a comezos dos noventa do s. XX e cunha orientación basicamente funcionalista, agroman os primeiros traballos individuais de sintaxe histórica galega, ben como teses de doutoramento, ben

---

<sup>5</sup> Neste sentido, o clima intelectual con que nos acolleu o ILG da universidade compostelá foi inmejorable.

<sup>6</sup> Queremos que esta contribución sirva de humilde homenaxe a alguén que sempre regalou sabenza sen pedir nunca nada a cambio.

como memorias de licenciatura: Xavier Varela Barreiro (1992) céntrase nos cuantificadores, M<sup>a</sup> Sol López Martínez (1993) no CDIR preposicional<sup>7</sup>, Marta Dacosta Alonso (1992) nas estruturas coordinadas, Eduardo Moscoso Mato (1992) na pasiva, Carme Silva Domínguez (1993) nos posesivos e, poucos anos despois, Amparo Cereixo Silva (1997) na sintaxe dos adverbios en *-mente*.

O segundo, polo menos no relativo ó marco teórico, alcanzouse plenamente dende o momento en que a tradición sintáctica de orientación funcionalista presente na universidade compostelá impregnou o período de formación e especialización de todos eles<sup>8</sup>. Non esquezamos que este aspecto constitúe a cerna de calquera empresa lingüística destas características. Emilio Ridruejo expoñe claramente cando afirma que “la dificultad más ardua radica en la elección de un modelo teórico que se pueda aplicar a la investigación de la sintaxis” (1994: 591).

O terceiro, indisoluble do marco teórico elixido, é, canda o anterior, o aspecto máis complexo e senlleiro dos comentados. O éxito ou o fracaso de AOGM, coma en xeral de calquera base de datos, pasa pola precisión e potencialidade explicativa do modelo teórico e da metodoloxía empregada. Chegados a este punto cobra importancia a figura de Guillermo Rojo, cabeza visible dun magnífico equipo de lingüistas e responsable do proxecto “Base de Datos Sintácticos del Español Actual” (BDS; cfr. <http://www.bds.usc.es/>). Xa na última década do s. XX, foron os traballos orientados dende unha óptica funcionalista os que, no ámbito peninsular, afondaron máis e mellor no eido da sintaxe, sincrónica ou diacrónica, do castelán. Gravitando ó redor dos polos da escola funcionalista ovetense pero, sobre todo, da compostelá, os distintos investigadores (Antonio J. Meilán García 1991, Marta Pérez Toral 1992, Carlos Folgar 1993, Mercedes Suá-

---

<sup>7</sup> Estes dous autores realizaron, xa a comezos da década anterior, cadansúa tese de licenciatura de natureza histórica: M<sup>a</sup> Sol López Martínez (1981) e Xavier Varela Barreiro (1981).

<sup>8</sup> Cfr. con dúas obras fundamentais para a fundación e consolidación da escola funcionalista compostelá: Guillermo Rojo (1978) e Guillermo Rojo e Tomás Jiménez Juliá (1989).

rez Fernández 1996, Elena Rivas e M<sup>a</sup> José Rodríguez Espiñeira 1997, Inmaculada C. Báez Montero 1998, Manuel Mosteiro Louzao 1999, entre outros) foron debullando diversas peculiaridades de sintaxe histórica centradas sobre todo no ámbito oracional. Acaróanse, practicamente todos, ó devandito proxecto da BDS.

Guillermo Rojo, coñecedor dos nosos degoiros sintácticos, forneceunos todo o material, información e ánimos para que tentásemos aplicar no galego o modelo que tan boa recolleita lle estaba a dar á sintaxe (histórica ou non) do español<sup>9</sup>. Mercé ó que poderíamos denominar osmose entre áreas, puidemos adoptar para o galego medieval a metodoloxía de traballo da BDS. Dispoñer deste sistema de análise permitiunos aforrar un tempo e uns esforzos preciosos, posibilitounos comezar de inmediato a debullar na sintaxe galega medieval, forneceunos a aparataxe adecuada para realizar o noso labor con garantías e unha marxe de erro relativamente pequena, e obrígounos, unicamente, a realizar -polo menos nunha primeira fase- uns poucos axustes para que se puidese adaptar satisfactoriamente ás características sintácticas dos textos galegos medievais.

### *3. As fases do traballo*

AOGM é, en esencia, unha base de datos informatizada de sintaxe galega medieval. Este xeito de traballar estaba tamén aconsellado, por exemplo, polo propio Emilio Ridruejo, quen lembra que, para a realización dunha obra xeral sobre sintaxe histórica, deberíamos contar “con un corpus, (...) y acceder a él, en lo posible, mediante los instrumentos informáticos adecuados” (E. Ridruejo 1994: 590). Nas páxinas que seguen describiremos, brevemente, as dúas grandes etapas en que podemos dividir a historia do proxecto de AOGM. A fronteira esencial entre ambas as dúas, aínda que tamén subxazan diferenzas de maior


---

<sup>9</sup> Dende estas breves liñas, agradecemoslle publicamente a Guillermo Rojo a súa xenerosidade.



calado, responde a un criterio básico: o programa informático empregado (neste nivel non temos en conta as actualizacións ou versións novas de cada un) e, subsidiariamente, o modelo de estrutura da base de datos manexada.

Nas reunións iniciais (nas que interviñeron Xavier Varela Barreiro, M<sup>a</sup> Sol López Martínez e Alexandre Rodríguez Guerra) deseñouse a estratexia metodolóxica concreta, fixéronse obxectivos xerais e específicos e propúxose unha periodización. As lagoas eran tantas que o traballo semellaba inabarcable: non había bases de datos galegas sintácticas, non existían cörpera textuais galegos informatizados, non contabamos con ferramentas informáticas específicas...<sup>10</sup> Isto sen entrar no aumento exponencial das dificultades de análise que implica traballar con textos medievais: a natureza distinta/específica dos datos, a súa escaseza ou parcialidade (cos problemas derivados de comprobar a (in)existencia de diversas posibilidades sintácticas/construtivas), a falta dun dicionario histórico, mesmo as dificultades de carácter ecdótico... Por medio da seguinte representación esquematizamos as distintas fases do traballo:



---

<sup>10</sup> En X. Varela (2004: 668 e ss.) descríbese detalladamente todo o esforzo e dedicación que implicou esta fase.

### 3.1. A base de datos AOGM en dBASE

O primeiro programa informático utilizado por AOGM foi dBASE IV (de Ashton-Tate). Elixíuse porque, de entre os dispoñibles no mercado naquela altura, era o que mellor se adecuaba ás nosas necesidades, non tanto pola estrutura e características que presentaba senón polas posibilidades á hora de xestionar e recuperar a información. Del di Xosé Soto (2001: 281) que “foi a raíña das bases de datos baixo o sistema DOS” e “os expertos cualifícanas como unha base de datos de gran flexibilidade e inmensamente potente”. A interface que empregaba este programa naquela altura era a do sistema operativo MS-DOS e os nosos coñecementos informáticos, grazas tamén ó dominio no campo da programación en dBASE, permitiánnos xestionar adecuadamente e con certa axilidade a asunción de calquera tipo de buscas, simples e complexas, así como a recuperación selectiva dos contidos (introducindo directamente a orde na liña de comando).

Certamente, o programa tiña limitacións (por exemplo, os 254 caracteres por campo ou os inconvenientes para xestionar a información dos campos *memo*), incomodidades (soamente se podían ver simultaneamente en pantalla uns poucos campos) e problemas na recuperación, exportación e importación dos exemplos (dificultades tanto co formato do texto coma con aquelas grafías medievais específicas e que dBASE non identificaba). Ademais, o que por unha banda resultaba unha vantaxe (ordes directas complexas), ó final convertíase nunha pexa porque, obviamente, só coñecendo os mandatos e a non doada sintaxe dos mesmos se podían axilizar as consultas.

Elixido o programa, a selección dos parámetros susceptibles de seren estudados en cada unha das fichas da base de datos foi, sen lugar a dúbidas, o aspecto máis importante ó que se houbo que enfrontar. A estrutura das fichas, na súa versión inicial do ano 1996, baséase no verbo como predicado de cada unha das cláusulas obxecto de estudo e incorpora todos os aspectos sintácticos, potencialmente relevantes, das mesmas. Nesta primeira versión, o modelo de ficha constaba de 58 cam-

pos, todos eles alfanuméricos (non se empregaron campos denominados *memo*) e cun tamaño variable que ía de 1 a 254 caracteres. Sempre se traballou directamente a través do soporte informático da base de datos: non se empregaron soportes intermedios (papel, cartolina ou similares) na recolla da información porque había que rendibilizar ó máximo os (limitados) recursos de que dispuxo o proxecto.

En calquera caso, estamos diante da(s) versión(s) máis apegada(s) ó orixinal (BDS) que nos serviu de modelo. Os parágrafos que seguen describen sucintamente os campos de que constaba cada ficha, pero non o fan de xeito lineal, un a un, senón de maneira conxunta, a través da agrupación en tres claros módulos:

- En primeiro lugar, hai un grupo de campos que serve para localizar e identificar a forma verbal obxecto de estudo. Neles recóllense os seguintes datos: obra, autor, volume, capítulo, páxina, liña, ano e século. Incorpóranse tamén a cadanseu campo o contexto precedente, a forma verbal obxecto de análise específica, o contexto subsecuente e o lema (infinitivo) do verbo.
- En segundo termo, existen oito campos nos que se recolle información relativa á cláusula contemplada na súa globalidade: tipo de cláusula, función sintáctica que desempeña, modalidade, diátese e polaridade; do predicado identifícase cal é a forma verbal e advírtese a posible existencia dunha perífrase verbal; sinálase tamén a orde de todas as funcións sintácticas presentes na cláusula (argumentais ou periféricas).
- A continuación desenvólvense todas as funcións sintácticas que son susceptibles de se encontraren nas cláusulas obxecto de análise: suxeito, complemento directo, complemento indirecto, complemento preposicional, complemento predicativo, atributo, complemento circunstancial e complemento axente. De todas elas fornécese a información relativa ó tipo de unidade e, de case todas, márcase a animación, a determinación e o número;

cando é pertinente engádese tamén a posibilidade de sinalar a marca preposicional; dos complementos directo e indirecto tense en conta a posible existencia de redobro; co predicativo identifícase a función sintáctica a que se refire e, finalmente, co complemento circunstancial sinalase o tipo semántico a que pertence.

Existe, ademais, un campo de libre disposición para o investigador que lle permite realizar calquera comentario ou observación.

Con que información se cobre cada un deles? Podemos distinguir, de inicio, aqueles campos que se enchen empregando unha codificación previamente estipulada daqueles outros que se cobren de maneira directa. Entre os primeiros, hainos que admiten a escolla entre unha dupla ou tripla opción pechadas/fixadas de antemán (é o que acontece cos campos que desenvolven a animación, a determinación e o número, por exemplo) pero hainos tamén que, presentando unha lista máis ou menos fixa de opcións, admiten respostas máis complexas (por exemplo, 6 na modalidade, 7 no tipo de unidade, 10 no suxeito, 15 na función da cláusula ou 17 no tipo de oración). A media é de 5 ítems por campo e, de contemplarmos separadamente os grupos sinalados nos parágrafos precedentes, o relativo á contorna da cláusula amosa unha media de case dez ítems por campo fronte ós case catro do relativo á contorna das funcións sintácticas. Os segundos, que supoñen un total de dez campos, cóbrense directamente, por exemplo, coa preposición que actúa de marca das distintas funcións sintácticas, co redobro clítico nos complementos directo e indirecto ou coa identificación da perífrase verbal concreta.

Como xa se amosou no esquema precedente, procedemos simultaneamente á constitución dun corpus obxecto de estudo. Alén de polo factor cronolóxico, guiámonos por un criterio básico: a non exclusión de ningunha tipoloxía textual porque, tal e como sostén Rafael Cano, para conseguirmos os nosos obxectivos “cualquier texto es válido” (1994: 585) e, como lembra Emilio Ridruejo, o corpus cómpre que sexa “si no muy extenso al

menos suficientemente representativo” (1994: 590). En todo caso, sempre tivemos en conta o parámetro da tipoloxía textual á hora de interpretar os resultados pois, como pon de manifesto J. F. García Santos (1996: 300), “con mucha frecuencia el contenido del texto determina un tipo o unos tipos concretos de estructuras sintácticas”, alén de que “es especialmente peligrosa la mezcla indiscriminada de fuentes en verso y en prosa”, como perigoso é “extraer conclusiones de carácter general basadas en datos tan heterogéneos como los que pueden proporcionar uno y otro tipo de fuente”. Daquela, con todas as precaucións posibles, realizamos unha escolma de cláusulas de distintos textos medievais que, na súa versión de xaneiro de 1996, quedou composta inicialmente por unhas 16000 cláusulas das cales só se analizaron pouco máis da cuarta parte (exactamente 4239)<sup>11</sup>. Houbo que dixitalizar os exemplos, revisalos, seleccionar as oracións que ían ser estudadas e dispoñelas en cadansúa ficha.

Ó final do proceso, as cláusulas analizadas abrangueron un período que ía do século XIII ó XV (só residualmente aparecen exemplos de comezos do s. XVI) e, na busca da maior representatividade posible, recolleron produción lírica (profana e mariana), sete obras de prosa non notarial e outras tantas obras de prosa notarial. A distribución precisa segundo a tipoloxía anterior é a seguinte:

	Lírica		Prosa non notarial					Prosa notarial
XIII	LP (12,6%)	CSM (8,6%)						(8%)
XIV			TC (8,6%)	XH (10,1%)	HT (7,2%)	CT (9,4%)	LT (3,9%)	(7,5%)
XV			MS (12,5%)	CI (5%)				(4,5%)
XVI								(2,1%)

*Táboa 2*<sup>12</sup>

<sup>11</sup> Nesta primeira fase o traballo de análise desenvolvérono M<sup>a</sup> S. López Martínez e A. Rodríguez Guerra.

<sup>12</sup> Non desenvolvemos as abreviaturas das obras por seren moi coñecidas. En todo caso, aparecen recollidas na lista de obras do TMILG en <http://ilg.usc.es/tmilg/obras.html>.

Como se pode comprobar, de agruparmos os datos anteriores por grandes xéneros, é a prosa non notarial a que posúe unha maior presenza no corpus (co 56,7% dos exemplos)<sup>13</sup>, prosa notarial e lírica contan practicamente coa mesma cantidade de casos analizados (22,1% e 21,2%, respectivamente). De agruparmos as cláusulas analizadas por séculos advírtese unha clara concentración no século XIV co 46,7%; a bastante distancia está o s. XIII co 29,2% dos exemplos, o s. XV co 22% e, de maneira residual, hai algún exemplo de prosa notarial datado a comezos do s. XVI (2,1%). En §4 fornécese unha recompilación dos estudos publicados mercé á análise de todas estas cláusulas de AOGM.

### 3.2. *A base de datos AOGM en Access*

Seis anos despois, os compoñentes do proxecto de AOGM enfrontáronse á necesidade de anovar (i) o soporte informático de AOGM e (ii) a estrutura da base de datos<sup>14</sup>. Son bastantes as novidades que acompañan o cambio do programa xestor da base de datos AOGM. Neste sentido, dBASE vai ser substituído por Access; este é, probablemente, o xestor de datos máis popular baixo a contorna de Windows. Del di X. Soto que “é na actualidade un dos sistemas máis recomendados para almacenar e manexar datos” (2001: 281). A unha interface nidiamente mellorada (moito máis agradable e cómoda á vista) hai que engadirlle todas as posibilidades que permite a opción dos formularios: con facilidades á hora de cubrir os campos mercé ós menús despregables (que evitan ter que memorizar unha longa serie de convencións e posibilitan unha maior complexización das respostas) e cunha axuda na barra inferior que explica o campo en que está situado o cursor. Todo o anterior facilita enormemente

---

<sup>13</sup> Por subxéneros o reparto é o seguinte: prosa literaria LT, CT, HT, prosa histórica TC, XH, prosa relixiosa CI, MS.

<sup>14</sup> O grupo de investigadores que se vai envorcar nesta segunda etapa de AOGM queda constituído por: Xavier Varela Barreiro (director), Manuel Blanco García, Amparo Cereixo Silva e Alexandre Rodríguez Guerra.



so de debate e construción do formulario anterior, procedeuse á elaboración dun manual de apoio tanto para o manexo da base de datos coma para a interpretación sintáctica das cláusulas galegas medievais<sup>15</sup>. Nel realizouse un percorrido lineal por todos os campos da estrutura da base de datos, con explicacións das motivacións e obxectivos que guían cada un, cun repaso de cáles son as opcións para encheiros e cáles son os criterios xerais que cómpre empregar. Así mesmo, propuxéronse análises-tipo para determinados exemplos dubidosos ou problemáticos e fornecéronse, en todos os casos, exemplos abundos. Tratouse de facilitar ó máximo o labor de análise tentando minimizar a diverxencia, favorecendo a posta en común, axilizando o proceso de revisión e permitindo o intercambio de información entre os colaboradores.

Tal e como xa se adiantou, no novo formato de ficha prodúcese un cambio na estrutura da base de datos, que pasa a posuír 127 campos organizados en cinco módulos<sup>16</sup>:

- (a) Módulo do exemplo (13 campos).
- (b) Módulo do predicado e da cláusula (25 campos).
- (c) Módulo das funcións clausais (79 campos).
- (d) Módulo do modificador e dúbidas (4 campos).
- (e) Módulo do(s) investigador(es) (6 campos).

Entre as principais novidades podemos escolmar as seguintes:

- (a) Módulo do exemplo:
  - (i) incorpórase a identificación exclusiva da cláusula na base;

---

<sup>15</sup> A cerna do cal debémoslla a X. Varela Barreiro.

<sup>16</sup> Para podermos avaliar mellor a nosa proposta, podémola confrontar coa de X. Soto para estudar a intransitividade. Este autor (2001: 282-290) establece tres grandes bloques que configuran a estrutura da súa base de datos sintáctica: 'atributos do predicado e da construción' (con 20 campos), 'atributos do suxeito' (con 6 campos) e 'atributos dos complementos' (con 5 campos).



- (ii) o investigador ten ó seu dispor tanto a cláusula obxecto de análise coma un contexto amplo da anterior.
- (b) Módulo do predicado e da cláusula:
  - (i) márcanse as construcións complexas (lexías, mandato, percepción...);
  - (ii) xerarquízouse a escolla da forma verbal da cláusula relacionada -bipolares, subordinadas, principais-;
  - (iii) especificanse os casos de predicado ausente -sobre todo na apódose das bipolares-;
  - (iv) reformuláronse os campos de tipo/función da cláusula:
    - tipo: independencia, coordinación, subordinación (substantiva, adverbial típica/atípica -prótase-, adxectiva).
    - función: independente, oracional (coordinación), clausal (SUX, CDIR, CIND...), frástica
    - incrustación: principais de substantivas, adxectivas e adverbiais (típicas/atípicas -apódose-);
  - (v) redes xerárquicas: márcase a función desempeñada na estrutura inmediatamente superior (máximo de 4 niveis);
  - (vi) a orde de constituíntes clausais recóllese nunha versión completa e noutra reducida (exclusivamente coas funcións argumentais).
- (c) Módulo das funcións clausais:
  - (i) márcase o dativo de solidariedade;
  - (ii) especificanse tipos de CIND (semántica), de CPREP (suplemento, modal, adverbial...) e de CCIR (ata 22 tipos);
  - (iii) aumenta a precisión tanto dos tipos de unidade (contéplanse 58 diferentes) coma da determinación (16 subtipos).
- (d) Módulo do modificador e dúbidas:
  - (i) incorpórase información verbo do modificador da frase (bipolaridade ou coordinación).
- (e) Módulo do(s) investigador(es):

- (i) identifícanse nel a data e o nome do primeiro investigador que realizou a análise así como o do revisor e a necesidade, ou non, de repasar unha ficha concreta.

Con esta nova proposta, non só se tentou ampliar o número de parámetros que poidan amosar a súa relevancia para comprendermos mellor a sintaxe da cláusula galega medieval, aumentar a coherencia estrutural na análise sintáctica ou adecuar a proposta de análise á casuística real de exemplos medievais, senón que tamén se procurou aumentar o grao de fondura da información que se recolle en cada un deles e a tipoloxía das unidades sintácticas que se poidan describir. Dende esta perspectiva, interesounos alongar a liña do horizonte sintáctico pois, deste xeito, aumenta o abano de posibles traballos parciais que poidan xurdir ó abeiro de AOGM. Nesta dirección, non desbotamos a posibilidade de que a partir desta base de datos se obtían estudos de natureza non só clausal senón tamén frástica ou mesmo pragmático-discursiva e textual.

Como resultado do traballo nesta segunda fase de AOGM case se alcanzaron as 33.000 cláusulas medievais analizadas<sup>17</sup>. O peso específico das obras parcialmente incluídas repártese do xeito seguinte: LP (32,9%), TC (19,8%), CT (15,2%), CSM (12,9%), GE (6,4%), MS (3%), HT (1,8%), CI (1,5%), FT (0,9%); PN (5,6%; sete obras). De establecermos unha clasificación por grandes xéneros obtemos unha distribución cunha forte, e equilibrada, presenza da prosa non notarial (48,6%) e da lírica (45,8%), fronte a unha representación máis cativa da prosa non literaria (5,6%). Se a perspectiva que se adopta é a cronolóxica, obsérvase que son os séculos XIII e XIV os que concentran a práctica totalidade dos exemplos (co 47,7 e 45,9%, respectivamente); ó s. XV só pertencen o 5,9% das cláusulas e ó s. XVI o 0,5%.

---

<sup>17</sup> Cómpre salientar que as dúas terceiras partes delas son obra de Amparo Cereixo.

#### 4. Os logros

Na fin dos dous últimos puntos (§3.1. e §3.2.) sinalamos cal foi o número total de cláusulas que se analizaron así como a súa distribución segundo distintos parámetros. Chegou o momento de verificar directamente os resultados obtidos por AOGM nunha dupla dirección: (i) cales son os estudos concretos que xurdiron ó abeiro desta base de datos e (ii) cal é o seu peso específico á vista dos recursos bibliográficos dispoñibles.

De consultarmos a información presente en BILEGA<sup>18</sup> compróbase que na epígrafe “643 Historia interna do galego: cambios sintácticos” hai cento vinte e seis referencias bibliográficas<sup>19</sup>. Delas, o 81,7% non son especificamente galegas pois a vertente galega só agroma a carón dunha perspectiva románica, iberorromance, portuguesa ou castelá<sup>20</sup>. Das referencias enfocadas exclusivamente dende a nosa lingua, o 56,5% publicáronse ata o ano 1999 (e só dúas delas xurdiron da man dalgún membro do noso proxecto). Obviamente, o 43,5% restante publicouse no ano 2000 ou seguintes e, fronte ó dato anterior, a práctica totalidade (80%) acaróase a investigadores que nun momento ou outro pertenceron ó proxecto AOGM (cfr. *supra*).

De todos os xeitos convén ser realistas: o camiño aberto aínda é corredeira, pois moitas son as lagoas que cómpre encher e relativamente poucos e parciais os obxectivos alcanzados. Neste sentido, se comparamos no mesmo BILEGA a epígrafe dedicada ós cambios sintácticos coas outras epígrafes de historia interna do galego obtemos os datos seguintes:

---

<sup>18</sup> Na súa versión 2.1; a data de consulta foi o 31 de maio de 2008.

<sup>19</sup> Ningunha das cinco epígrafes que desenvolven a máis xeral “64 Historia interna do galego” conta con ningunha subdivisión interna. Porén, no capítulo “3 Gramática, pragmática, lingüística textual e análise do discurso”, só na subepígrafe dedicada á sintaxe, “32 Sintaxe: traballos xerais”, localízanse máis de sesenta subdivisións.

<sup>20</sup> O 31,1% publicouse no ano 2000 ou posteriores.

Cambios fonéticos e fonolóxicos	Cambios morfolóxicos	Cambios sintácticos	Hª interna en xeral	Hª do léxico e etimoloxía	Outros cambios
45% (421)	35,9% (335)	13,5% (126)	3,3% (31)	2,1% (20)	0,2% (2)

Táboa 3

Como se pode apreciar, o eido sintáctico aínda está moi afastado dos outros dous grandes conxuntos: o fonético/fonolóxico (a máis de trinta puntos) e o morfolóxico (a máis de vinte puntos). Agora ben, se diferenciamos entre os traballos publicados ata 1999 daqueles outros publicados dende o ano 2000 ata a actualidade, compróbase que a tendencia anterior está a mudar:

Cambios fonéticos e fonolóxicos		Cambios morfolóxicos		Cambios sintácticos		Hª interna en xeral		Hª do léxico e etimoloxía		Outros cambios	
>1999	2000>	>1999	2000>	>1999	2000>	>1999	2000>	>1999	2000>	>1999	2000>
89,8%	10,2%	82,4%	17,6%	67,5%	32,5%	83,9%	16,1%	70%	30%		100%

Táboa 4

Fóra da epígrafe “Outros cambios” (que soamente conta con dúas referencias bibliográficas), os “Cambios sintácticos” son os que concentran unha maior proporción de publicacións a partir do ano 2000 (case a terceira parte do total), unicamente está seguido moi de preto pola “Historia do léxico e etimoloxía” (a dous puntos e medio); as outras referencias oscilan entre a décima parte (dos “Cambios fonéticos e fonolóxicos”) e algo máis da quinta parte dos “Cambios morfolóxicos”. Ademais, se contemplamos en xeral as publicacións do ano 2000 e posteriores, as relativas ós “Cambios sintácticos” supoñen algo máis da cuarta parte (26,3%) de todas as referencias publicadas neste período (e que se inclúen en BILEGA dentro da epígrafe dedicada á “Historia interna do galego”).

Concentrados especificamente nos 126 títulos citados na epígrafe “643 Historia interna: cambios sintácticos”, alén da distribución xa vista no cadro anterior (un terzo deles publicouse no ano 2000 ou en anos posteriores), convén diferenciar entre

aqueles que están feitos dende unha perspectiva da lingua galega, daqueles outros que o fan dende outra perspectiva lingüística distinta ou, simplemente, máis xeral:

BILEGA (2008)	Perspectiva non galega	Perspectiva galega
>1999 (84: 66,7%)	84,5% (71)	15,5% (13)
2000> (42: 33,3%)	76,2% (32)	23,8% (10)

Táboa 5

Os datos corroboran que entre un bloque e outro houbo case un aumento porcentual de dez puntos a favor da perspectiva galega. De adoptarmos esta perspectiva, confírmase que as publicacións xeradas no seo de AOGM supuxeron o 15,4% das publicadas antes de 1999 e o 80% das publicadas a partir de 2000.

Os resultados alcanzados, sendo importantes, aínda se sitúan nunha fase inicial pois “as achegas do equipo neste terreo foron aparecendo como traballos individuais sobre aspectos puntuais do programa conxunto da obra” (ILG 2007: 24). Con todo, é certo que estes traballos individuais tocaron os máis diversos temas, como se pode comprobar na seguinte escolma: Amparo Cereixo (2000a e 2000b) céntrase na análise da función do CIND no galego medieval; Marta Dacosta (2004) estuda a coordinación medieval en exemplos tirados da lírica e da prosa non notarial; M<sup>a</sup> Sol López Martínez (2004) realiza unha descrición dos esquemas sintácticos medievais do verbo *chamar*; Carme Silva (2002) debulla distintos aspectos dos valores das frases con posesivo no período medieval, (2001) concéntrase nas lexías complexas ou (2004) nos determinantes na CT; Alexandre Rodríguez (2000) realiza unha aproximación á xerarquía da animación dende a perspectiva galega, estuda os esquemas causais (2001b) e temporais (2001a) das cláusulas galegas medievais e fai o propio coa orde de constituíntes oracionais (2004 e 2005); Eduardo Moscoso (2000) realiza unha aproximación ás cláusulas galegas medievais con tempos compostos, en (2004) selecciona as que teñen só antepretérito e en (2005) céntrase nas que pre-

sentan os verbos *aver* e *ter* en contexto perifrástico; Ana Vidal (2004) reflexiona sobre as oracións causais e consecutivas tamén no galego medieval<sup>21</sup>.

Hai, por suposto, traballos de natureza exclusivamente académica que non foron publicados; é o caso do estudo que realizou Manuel Blanco (2002) de máis de 3.000 oracións medievas co verbo *ir* como traballo de investigación titorado. Igualmente, hai outras moitas investigacións en curso que se centran no período medieval (funcións clausais específicas, orde de constituíntes, estrutura da cláusula medieval, verbos concretos...), pero non en exclusiva. Así, por exemplo, Sonia Sobral estuda 2.000 cláusulas galegas (ss. XVII a XX) co verbo *andar* empregando o mesmo modelo de AOGM.

Aínda que a escolma anterior é, en efecto, moi limitada no que se refire ós eidos de sintaxe histórica galega xa cubertos, a potencialidade de AOGM permitiría, por exemplo, responder con exactitude todos os puntos enumerados por Emilio Ridruejo no punto 6 do artigo que vimos manexando (1994: 593): as categorías gramaticais, os procedementos de referencia, a modalidade oracional, as estruturas predicativas, as clases funcionais de adscripción de argumentos a predicados, os predicados complexos, a orde de palabras e os procedementos gramaticais de organización discursiva. Mesmo, posibilitaría afrontar o estudo doutros aspectos seleccionados tamén por E. Ridruejo (1994: 594-595) noutras epígrafes como, por exemplo, a evolución das clases léxicas de nomes, todos os tipos de oracións, as funcións comunicativas ou a historia da elipse, entre outros.

O paso do tempo, a experiencia do uso e a consecución de obxectivos parciais axudáronnos a mellorar a estrutura, precisión e calidade da información sintáctica, e a facilitar o xeito de a xestionar. Así, conseguíuse aumentar a fiabilidade e as posibilidades de explotación da base: porque a partir dela pódense desenvolver distintos traballos parciais, non só en niveis clausais (funcións sintácticas) senón tamén no nivel inferior (frase) e no

---

<sup>21</sup> Na páxina <http://ilg.usc.es/tmilg/resultados.html> pódese consultar a lista completa de traballos realizados polos membros do proxecto.

superior (texto)<sup>22</sup>. Agardamos que no futuro a suma destes traballos individuais permita elaborar unha obra xeral, homoxénea, con visión de conxunto e que posibilite entender cales foron e como mudaron os distintos elos que configuraron a sintaxe na súa deriva dende a lingua latina cara ó romance galego (medieval).

### *Bibliografía*

- Báez Montero, Inmaculada C. (1998): *La construcción con predicativo del complemento directo en español medieval*. Vigo: Universidade.
- BILEGA = Francisco García Gondar (dir.) (1994-): *Bibliografía Informatizada da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Versión 2.1. [<http://www.cirp.es/bdo/bil/>].
- Blanco López, Manuel (2002): *Estructuras do verbo ir no galego medieval*. Tralado de investigación titorado. Universidade de Santiago de Compostela.
- Cano Aguilar, Rafael (1994): “Perspectivas de la sintaxis histórica española: el análisis de los textos”, in *Actas del congreso de la lengua española (Sevilla, 7-10 octubre 1992)*. Madrid: Instituto Cervantes, 577-586.
- Cereixo Silva, Amparo (1997): *Os adverbios en -mente no galego medieval*. Tese de licenciatura. Universidade de Santiago de Compostela.
- Cereixo Silva, Amparo (2000a): “O complemento indirecto cos verbos de dicción. Marcaxe e colocación”, in D. Kremer (ed.): *Actas do VI Congreso Internacional de Estudos Galegos: Un século de estudos galegos. Galicia fóra de Galicia*. Sada, A Coruña: Ediciós do Castro / Galicien-Zentrum der Universität Trier, vol. I, 143-155.

---

<sup>22</sup> Neste sentido, é especialmente adecuada a precisión de R. Cano Aguilar (1994: 578) cando sinala que o que debemos perseguir é unha sintaxe ‘dos’ textos e non ‘sobre’ os textos. Non esquezamos que para este autor os textos son “actos comunicativos plenos” (1994: 581).

- Cereixo Silva, Amparo (2000b): "A marcaxe do complemento indirecto na *Crónica Troiana*", in I. de Riquer *et alii* (eds.): *Prof. Basilio Losada: Ensinar a pensar con liberdade e risco*. Barcelona: Universitat de Barcelona, 253-259.
- Cidrás Escáneo, Francisco Antonio (2002): "Os estudos de gramática", *Canal Estudios Galegos* 31; <http://www.vieiros.com/>
- Dacosta Alonso, Marta (1992): *A coordinación no galego medieval*. Tese de licenciatura. Universidade de Santiago de Compostela.
- Dacosta Alonso, Marta (2004): "A coordinación na lingua galega medieval, a través das *Cantigas de Amor* e de *Escarnio*, os *Miragres de Santiago*, a *Crónica Troiana* e a *Coronica de Iria*", in R. Álvarez / F. Fernández / A. Santamarina (eds.): *Actas do I Congreso Internacional A Lingua Galega: Historia e Actualidade (16-20 de setembro de 1996)*. Santiago de Compostela: ILG / Consello da Cultura Galega, vol. III, 157-176.
- Folgar, Carlos (1993): *Diacronía de los objetos directo e indirecto (del latín al castellano medieval)*. Santiago de Compostela: Universidade. Anexo 37 de *Verba*.
- García Gondar, Francisco (dir.) *et alii* (1995): *Repertorio bibliográfico da lingüística galega: Desde os seus inicios ata 1994 inclusive*. Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias "Ramón Piñeiro".
- García Santos, Juan Felipe (1996): "La investigación en sintaxis histórica", in A. Alonso González *et alii* (eds.): *Actas del III congreso internacional de historia de la lengua española (Salamanca, 22-27 noviembre 1993)*. Madrid: Arco Libros, vol. I, 293-300.
- Instituto da Lingua Galega (2007): *Memoria de actividades 2006*. Santiago de Compostela: Universidade.
- López Martínez, M<sup>a</sup> Sol (1981): *O acusativo con preposición no galego medieval*. Tese de licenciatura. Universidade de Santiago.



- López Martínez, M<sup>a</sup> Sol (1993): *O complemento directo con preposición a en galego*. Santiago de Compostela: Universidade. Anexo 36 de *Verba*.
- López Martínez, M<sup>a</sup> Sol (2004): “Os verbos denominativos na lingua medieval: *chamar*”, in R. Álvarez / F. Fernández / A. Santamarina (eds.): *Actas do I Congreso Internacional A Lingua Galega: Historia e Actualidade (16-20 de setembro de 1996)*. Santiago de Compostela: ILG / Consello da Cultura Galega, vol. III, 195-208.
- Mariño Paz, Ramón (2002): “A lingüística histórica galega na actualidade”, *Canal Estudos Galegos* 31; <http://www.vieiros.com/>
- Meilán García, Antonio José (1991): *La oración simple en la prosa castellana del siglo XV*. Oviedo: Universidad de Oviedo.
- Moscoso Mato, Eduardo (1992): *A pasiva en galego medieval. A construción “ser + participio” nos Miragres de Santiago*. Tese de licenciatura. Universidade de Santiago de Compostela.
- Moscoso Mato, Eduardo (2000): *Os tempos compostos no galego medieval*. Santiago de Compostela: Universidade. Anexo 46 de *Verba*.
- Moscoso Mato, Eduardo (2004): “Antepretérito sintético e analítico en galego medieval”, in R. Álvarez / F. Fernández / A. Santamarina (eds.): *Actas do I Congreso Internacional A Lingua Galega: Historia e Actualidade (16-20 de setembro de 1996)*. Santiago de Compostela: ILG / Consello da Cultura Galega, vol. III, 227-233.
- Moscoso Mato, Eduardo (2005): “Perífrases de infinitivo con *aver* e *ter* no galego medieval”, in A. Boullón / X. L. Couceiro / F. Fernández (eds.): *As tebras alumeadas. Estudos filolóxicos ofrecidos en homenaxe a Ramón Lorenzo*. Santiago de Compostela: Universidade, 239-252.
- Mosteiro Louzao, Manuel (1999): *Las conjunciones de causa en castellano medieval. Origen, evolución y otros usos*. Santiago de Compostela: Universidade. Anexo 45 de *Verba*.
- Pérez Toral, Marta (1992): *Sintaxis histórica funcional del español. El verbo hacer como impersonal*. Oviedo: Universidad de Oviedo.

- Regueira Fernández, Xosé Luís (coord.) *et alii* (1996): *Guía bibliográfica de lingüística galega*. Vigo: Xerais.
- Ridruejo, Emilio (1994): "Sintaxis histórica", in *Actas del congreso de la lengua española (Sevilla, 7-10 octubre 1992)*. Madrid: Instituto Cervantes, 587-596.
- Rivas, Elena e M<sup>a</sup> José Rodríguez Espiñeira (1997): *La cláusula en castellano medieval: constituyentes funcionales*. Santiago de Compostela: Universidade.
- Rodríguez Guerra, Alexandre (2000): "A xerarquía da animación do latín ó galego e ó portugués", in J. M. Carrasco *et alii* (ed.): *Actas del Congreso Internacional de H<sup>a</sup> y Cultura en la Frontera*. Cáceres: Universidad de Extremadura, vol. II, 845-863.
- Rodríguez Guerra, Alexandre (2001a): "Conxuncións e locucións conxuntivas temporais en galego medieval", *Verba* 28, 207-258.
- Rodríguez Guerra, Alexandre (2001b): "Os esquemas causais en galego medieval", in X. L. Regueira / A. Veiga (eds.): *Da gramática ó dicionario. Estudos de lingüística galega*. Santiago de Compostela: Universidade. Anexo 49 de *Verba*, 225-247.
- Rodríguez Guerra, Alexandre (2004): "Verbo da orde relativa dos constituíntes oracionais non-clíticos do latín ó galego medieval", *Verba* 31, 151-186.
- Rodríguez Guerra, Alexandre (2005): "Parámetros (co)implicados na ordenación de constituíntes oracionais en latín", in G. M<sup>a</sup> Rio-Torto *et alii* (coord.): *Estudos em Homenagem ao prof. Dr. Mário Vilela*. Porto: Fac. de Letras da Universidade do Porto, vol. I, 51-70.
- Rojo, Guillermo (1978): *Cláusulas y oraciones*. Santiago de Compostela: Universidade.
- Rojo, Guillermo e Tomás Jiménez Juliá (1989): *Fundamentos del análisis sintáctico funcional*. Santiago de Compostela: Universidade.
- Silva Domínguez, Carme (1993): *Os posesivos no galego moderno*. Tese de licenciatura. Universidade de Santiago de Compostela.

- Silva Domínguez, Carme (2001): “*Aver seu acordo, fazer sua oração: a participación do posesivo na construción de lexías complexas no galego medieval*”, in X. L. Regueira / A. Veiga (eds.): *Da gramática ó dicionario. Estudos de lingüística galega*. Santiago de Compostela: Universidade. Anexo 49 de *Verba*, 249-64.
- Silva Domínguez, Carme (2002): *Frases nominais con posesivo en galego. Estructura e valores referenciais*. Santiago de Compostela: Universidade. Anexo 50 de *Verba*.
- Silva Domínguez, Carme (2004): “*Procedementos de determinación no galego medieval. Estudio dos determinantes na Crónica Troiana*”, in R. Álvarez / F. Fernández / A. Santamarina (eds.): *Actas do I Congreso Internacional A Lingua Galega: Historia e Actualidade (16-20 de setembro de 1996)*. Santiago de Compostela: ILG / Consello da Cultura Galega, vol. III, 277-298.
- Silva, Rosa Virgínia Mattos e (1989): *Estruturas trecentistas. Elementos para uma gramática do Português Arcaico*. Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda.
- Soto Andión, Xosé (2001): “*Unha posible base de datos para analiza-la intransitividade no galego actual*”, in X. L. Regueira / A. Veiga (eds.): *Da gramática ó dicionario. Estudos de lingüística galega*. Santiago de Compostela: Universidade. Anexo 49 de *Verba*, 279-291.
- Suárez Fernández, Mercedes (1996): *El complemento predicativo en castellano medieval. (Época prealfonsí)*. Santiago de Compostela: Universidade. Anexo 42 de *Verba*.
- TMILG = Xavier Varela Barreiro (dir.) (2004-): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. [<http://ilg.usc.es/tmilg>].
- Varela Barreiro, Xavier (1981): *Contribución ó estudio dos cuantificadores en galego medieval*. Tese de licenciatura. Universidade de Santiago de Compostela.
- Varela Barreiro, Xavier (1992): *Os cuantificadores en galego moderno. A cuantificación pronominal*. Santiago de Compostela: Universidade. Tese de doutoramento en microficha.

- Varela Barreiro, Xavier (2004): "Un proxecto do ILG no abalo da gramática histórica da lingua galega", in R. Álvarez / F. Fernández / A. Santamarina (eds.): *Actas do I Congreso Internacional A Lingua Galega: Historia e Actualidade (16-20 de setembro de 1996)*. Santiago de Compostela: ILG / Consello da Cultura Galega, vol. II, 649-684.
- Vidal Meixón, Ana (2004): "Aproximación ás causais e consecutivas en galego medieval", in R. Álvarez / F. Fernández / A. Santamarina (eds.): *Actas do I Congreso Internacional A Lingua Galega: Historia e Actualidade (16-20 de setembro de 1996)*. Santiago de Compostela: ILG / Consello da Cultura Galega, vol. III, 317-327.